

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AGADIC E ARTYC FERROL, S.L.**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa entidade Artyc Ferrol, S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do programa de concertos nas datas de referencia, que se deberá desenvolver na sala Super 8 e nas condicións especificadas no presente convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados. Nesta liña o obxectivo principal da Rede galega de música ao vivo é propiciar programacións estables nas salas de titularidade privada integradas na mesma co obxecto de promover a difusión de grupos musicais galegos así como abrir novos mercados para a música.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de xuño de 2019

Asdo. Jacobo Sutil Nesta

